



Héctor Guzmán

EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

Luar no inferno

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 244 páxinas

P. V. P. 14,20 € IVE incluído

978-84-8288-928-3



9 788482 889283

NOVO CASO DE FRANK SOUTELO

Volve o detective privado Frank Soutelo cun novo caso relacionado co mundo do cinema e o tráfico de mulleres na raia mexicana. Miguel Anxo Fernández retorna a Hollywood con este detective californiano de orixe galega para poñer en xaque os podentes produtores de cinema e os explotadores da emigración clandestina. **Luar no inferno** continúa a recrear con humor e ironía o mundo das películas de detectives, que chega aos lectores e lectoras galegos nunha xenuína, fresca e divertida parodia do xénero negro.

Despois de chegar á terceira edición con *Un nicho para Marilyn*, a anterior aventura do detective, Miguel Anxo Fernández volve con **Frank Soutelo**, a súa secretaria Pat e o seu fiel axudante Sugar Jones. En *Luar no inferno*, Soutelo introdúcese nos ambientes cinematográficos para tentar descubrir unha trama negra na que se mesturan os magnates de Hollywood, o tráfico de mulleres na fronteira mexicana e as *snuff movies*, **películas ilegais** realizadas con violencia real.

Miguel Anxo Fernández pon o detective ao servizo dun sobriño do propio Soutelo, un director de cine novel que ten moitas dificultades para traballar por mor das **malas artes** dun produtor cinematográfico todopoderoso. Tanta saña esperta en Soutelo a alerta e, tras seguirle a pista a Balter Digger, descobre as perigosas relacións sociais do produtor, nada edificantes. Unha rede de trata de brancas relacionada co cine de violencia real leva a Soutelo ata a fronteira mexicana. Diálogos faiscantes e capítulos con títulos insospeitados guían a lectura desta novela que divirte coma o mellor cinema policial.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ (O Carballiño, 1955) exerce a crítica diaria de cine e televisión en *La Voz de Galicia*. Polo seu labor como investigador e teórico cinematográfico concedéronlle o premio de honra Fernando Rey no ano 2001 e o Fundación AIGSE no 2004. Entre a súa obra especializada, destacan *O Carballiño. Crónica de cine. 1900-1990* (1994, Premio Historia da Galicia Cinematográfica), *Carlos Velo. Cine e exilio* (1996), *As imaxes de Carlos Velo* (2001, Premio Sempre en Galicia), e *A Bella Otero, pioneira do cine* (2003, Premio Chano Piñeiro). *O sabre do francés* (Galaxia, 2002) foi a súa primeira incursión na literatura de ficción e con *Un nicho para Marilyn*, gañou o Premio García Barros 2002. Posteriormente publicou a novela curta *O sangue dos Cortiña* e *Capitol, última sesión*, libro de relatos nos que recrea o mundo das salas de cine e a influencia dos mitos da pantalla na vida real.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es

